

ORDENANZA Nº 9

DENOMINACIÓN: Hoteleira ou comercial en edificio illado

ÁMBITO E CARACTERÍSTICAS: Responde á tipoloxía de edificación hoteleira ou comercial illada. Establece unha categoría especial, denominada “9-C” para Cámping.

EDIFICABILIDADE MÁXIMA: Ord 9: 0.5 m²/m²
Ord 9-C: 0.1 m²/m²

ALIÑACIÓNS: as establecidas nos planos de ordenación ou no seu defecto a seis (6) metros do eixe da vía á que dea fronte a parcela.

PARCELA MÍNIMA: 1.000 m²

OCUPACIÓN MÁXIMA: 50 %

FRONTE MÍNIMO DE PARCELA: 10 metros

RECUAMENTOS MÍNIMOS:

Frontal: 5 metros ou na aliñación

Laterais: 5 metros (permítese adosamento con acordo entre lindeiros)

A Fondo: 5 metros

ALTURA MÁXIMA:

A altura en número de plantas será a indicada nos planos de Ordenación.

As alturas serán as seguintes.

B+1: Para os establecementos emprazados entre a estrada C-550 e o mar.

B+2: Para o resto das parcelas con esta cualificación

B+3: Para os establecementos que teñan esta altura (ou maior) á entrada en vigor do Plan Xeral.

En caso de existir discrepancias entre as alturas indicadas na documentación gráfica e as indicadas na presente ordenanza, prevalecerán estas últimas.

A altura das plantas nos edificios comerciais xustificárase debidamente. As entreplantas computan como unha planta se supoñen máis do 10% da superficie da planta.

Nas instalacións e servizos dos cámpings a altura será dunha planta.

SOTOS E SEMISOTOS: Autorizaranse semisotos sempre que queden incluídos na altura máxima permitida sobre rasante e computando edificabilidade. As plantas de soto poderán ocupa-la totalidade dos espazos libres privados.

GARAXE APARCAMENTO:

Por cada 50 m² construídos para este uso, e, en todo caso, por cada dúas prazas hoteleiras, disporase dunha praza de aparcamento

USOS TOLERADOS:

- Hoteleiro
- Comercial
- Oficinas
- Garaxe aparcamento
 - Categoría 1^a Grao 1 e 3
 - Categoría 2^a Graos 1, 2 e 3
 - Categoría 3^a
 - Categoría 5^a
- Espectáculos
 - Categorias 3^a e 4^a
- Locais de ocio
 - Categorias 1^a, 2^a, 3^a e 4^a
 - Deberán contar con accesos e corredores compatibles coa normativa de seguridade.
 - A porta de acceso deberá contar cun hidrante contra incendios a unha distancia non superior a 50 metros da mesma.
 - Non se poderán desenrôla-las actividades comprendidas na categoría 5^a en locais con fronte a vía pública de ancho inferior a 6 metros
- Religioso
 - Categorias 2^a, 3^a e 4^a
- Cultural
 - Categorias 1^a e 3^a
- Deportivo
 - Categoría 2^a e 3^a
- Sanitario
 - Categorias 3^a, 4^a, 5^a e 6^a